

**EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS NA SESIÓN  
EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE 6 DE AGOSTO DE 2014.**

**Presidente:**

D. XOSÉ CRESPO IGLESIAS.

**Concelleiros:**

D. ROMÁN RODRÍGUEZ GONZÁLEZ.

D. CAMILO GONZÁLEZ BODANO.

D. JOSÉ ANTONIO RODRÍGUEZ FERNÁNDEZ.

D<sup>a</sup>. MARÍA PILAR LÓPEZ CARRÓN.

D. MANUEL FERNÁNDEZ LÓPEZ.

D. MANUEL GÓMEZ ESTÉVEZ.

**Secretaria accidental:**

D<sup>a</sup>. FÁTIMA CORTIZO SEIJAS.

**Interventora accidental:**


D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> CARMEN MÉIJOME ÁLVAREZ.

**1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA N° 31 DA SESIÓN  
CELEBRADA O DÍA 28 DE XULLO DE 2014.**

Acordouse aprobar a acta N° 31, de 28 de xullo de 2014, e a súa transcripción ao libro de actas.

**2.-LICENZAS DE OBRAS.**

**2.1.-** Acordouse conceder licenza de obra para modificado de proxecto de legalización e ampliación de explotación de vacún, sita na parroquia de Castro de Cabras



### **3.- LICENZA DE PRIMEIRA UTILIZACIÓN E COMUNICACIÓN PREVIA DE INICIO DE ACTIVIDADE.**

**3.1.-** Acordouse conceder licenza de primeira utilización e acordar a eficacia da comunicación previa de inicio da actividade de cafetería - pastelería, sita na rúa Melide, 8, local 4, baixo de Lalín e aprobar a liquidación correspondente en concepto de taxa de licenza de primeira ocupación.

### **4.- EFICACIA DE COMUNICACIÓN PREVIA.**

**4.1.-** Acordouse a eficacia da comunicación previa de obras para substitución de tellas en Feás, 10, Lalín, e aprobar a liquidación ingresada na Tesourería Municipal en concepto de ICIO.

### **5.- INFORMES PREVIOS.**

**5.1.-** Acordouse aprobar o informe Técnico Municipal en relación á solicitude de licenza de obra para rehabilitación, reestruturación e obras exteriores en vivenda sita na rúa da Igrexa, 17 da parroquia de Donramiro, de Lalín e remitir o expediente completo ao Servizo de Patrimonio Cultural da Xefatura Territorial da Consellería de Cultura, Turismo e Ordenación Universitaria.

**5.2.-** Acordouse probar o informe emitido polo Enxeñeiro Técnico Municipal en relación á comunicación previa presentada para Peche de Finca sita na parcela con referencia catastral polígono 204 e parcela 151, no lugar de A Goleta nº44, Camposancos, de Lalín e remitir o expediente completo ao Servizo de Patrimonio Cultural da Xefatura Territorial da Consellería de Cultura, Turismo e Ordenación Universitaria.

### **6.- INFORMES URBANÍSTICOS.-**

**6.1.-** Acordouse aprobar o informe emitido ao efecto polo técnico municipal, en relación á solicitude de información urbanística da parcela 1.1.5. do P.P. SUE 1 Regueiriño Sur de Lalín, e aprobar a liquidación practicada pola Intervención municipal en concepto de taxa por expedición de certificación urbanística.

### **7.- CERTIFICACIÓN DE OBRAS.-**

**7.1.-** Acordouse aprobar a certificación de obra núm. 1 correspondente ao mes de xullo de 2014, da obra "CREACIÓN DUNHA SALA DE ACTIVIDADES MUSICAIS E



Secretaría Xeral

MULTIMEDIA, CERCIO, LALIN”, presentada pola entidade CONSTRUCCIONES HNOS. MILLARES BLANCO, S.L., cun importe que se acredita para o seu abono ao adxudicatario de 41.065,86 €.

## **8.- EXPEDIENTES DE PERSOAL.-**

**8.1.-** Acordouse aprobar a contratación, como condutor operario de obras e servizos municipais, do aspirante que acadou a maior puntuación na cualificación final do proceso selectivo, de conformidade coas bases aprobadas pola Xunta de Goberno Local na sesión celebrada o pasado día 23 de xuño de 2014

**8.2.-** Acordouse a contratación, como técnico superior en informática, do aspirante que acadou a maior puntuación na cualificación final do proceso selectivo, de conformidade coas bases aprobadas pola Xunta de Goberno Local na sesión celebrada o pasado día 23 de xuño de 2014

**8.3.-** Acordouse recoñecer a D. José Antonio Saco Gil a súa xubilación laboral no Concello de Lalín con data 7 de agosto de 2014.

**8.4.-** Acordouse corrixir o erro apreciado no expediente que figura como punto 5.1 da acta da sesión celebrada o día 14 de xullo de 2014.


## **9.-FACTURAS E CONTAS.-**

**9.1.-** Previa existencia de consignación orzamentaria axeitada e suficiente, acordouse aprobar e declarar de abono facturas por importe de 106.218,46 euros.

## **10.-PROPOSTAS DOS SRES. CONCELLEIROS DELEGADOS.-**

**10.1.-** Acordouse aprobar as liquidacións en concepto de prezo público pola prestación do servizo de Axuda no Fogar na modalidade de Libre Concorrenca, correspondente ao mes de XULLO de 2014 e aprobar a liquidación presentada pola concesionaria GALAUREA, S.L., que supón un importe líquido a pagar polo Concello de 5.806,30 €.

**10.2.-** Acordouse aprobar as liquidacións en concepto de prezo público pola prestación do servizo de Axuda no Fogar na modalidade de Dependencia, correspondente ao mes de XULLO de 2014 e aprobar a liquidación presentada pola concesionaria GALAUREA, S.L., que supón un importe líquido a pagar polo Concello de 25.726,33 €.



Secretaría Xeral

**10.3.-** Acordouse recoñecer a obriga por importe de 400,36 € a favor da Mancomunidade Terras de Deza en concepto de achega do Concello de Lalín ó custo de funcionamento da Depuradora de Losón, do que este Concello asume o 50% segundo o Convenio de Cooperación asinado a tal fin.

### **11.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.-**

**11.1.-** Acordouse autorizar o corte da vía pública Avda. do Monserrat ata o Empalme de Donramiro os días 12 a 15 de setembro de 2014 con motivo da celebración das festas na honra da Virxe do Monserrat.

**11.2.-** Acordouse autorizar a ocupación da vía pública para o desenvolvemento de actividades lúdico-musicais durante os días 6, 7, 13, 14, 20, 21, 27 e 28 de agosto, na rúa Colón e na Praza da Torre, en horario de 21:00 a 00:00 horas.

**11.3.-** Acordouse autorizar a colaboración de Protección Civil e Policía Local con motivo da celebración da “*V Ruta de Clásicos de la semana del coche clásico de Lalín*” o vindeiro día 7 de setembro, ás 10:00 horas na explanada do Centro Comercial Pontañas Gadis.

**11.4.-** Acordouse autorizar o uso do Museo Municipal Ramón M<sup>a</sup> Aller Ulloa para impartir dúas xornadas formativas gratuítas para empresarios do sector turístico, os vindeiros días 19 e 20 de agosto de 2014 en horario de 18:00 a 22:15 horas.

=====

